

PLAN DIXITAL

IES XESÚS FERRO COUSELO



[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O Instituto de Educación Secundaria Xesús Ferro Couselo é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que imparte as ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria e bacharelato, nas modalidades de ciencias, humanidades e ciencias sociais.

Nas táboas seguintes están os datos de alumnado e persoal do curso 2021-2022 actualizados a maio de 2022.

	MULLERES	HOMES	TOTAL
ALUMNADO	187	200	387
PROFESORADO	29	12	41
PERSOAL NON DOCENTE	5	0	5

ESO : 297				BACHARELATO : 90	
1º ESO : 89	2º ESO : 79	3º ESO : 63	4º ESO : 66	1º BCH : 44	2º BCH : 46

O centro está situado nos arrabaldes de Ourense, na rúa Ponte Sevilla nº 43; preto do Pazo dos Deportes Paco Paz e do Recinto Ferial Expourense.

Outros datos: correo electrónico ies.ferro.couselo@edu.xunta.gal ; páxina web do centro <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesferrocouselo> e teléfonos de contacto : 988252000, 692628585 , 662523554.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro.

A maioría do alumnado pertence ao Concello de Barbadás, zona residencial próxima a Ourense, que mantén nos últimos anos un crecemento demográfico exponencial alcanzando os 11.000 habitantes. O concello ten seis núcleos poboacionais: Barbadás, Bentraces, Loiro. Piñor,

Sobrado do Bispo e A Valenzá. Sendo este último unha cidade dormitorio de Ourense e o núcleo de poboación máis moderno e grande do concello con 7500 habitantes.

Nunha breve análise socioeconómica do concello, comprobamos que a estrutura económica é moi diversa, cunha distribución na que predomina o sector terciario, seguido do sector secundario. Este sector terciario ofrece servizos de moi diferente índole: industria hoteleira e hostaleira, así como infraestruturas e servizos relacionados co recente crecemento da poboación: garderías, parques públicos, colexios, lugares de ocio, etc. Este sector ocupa o 60% da poboación activa. O sector secundario (construción e industria) tamén continúa sendo destacable, pese á situación económica global, ocupando aproximadamente segundo os nosos datos o 28-30 % da poboación activa. Aínda que, dada a situación económica actual, este sector tan estratéxico e básico para moitas economías familiares continúa sendo bastante castigado. O sector primario é moito menos relevante ocupando só o 10% da poboación activa, pola escasa actividade e a pouca capacidade de emprego que se crea no sector. A gandería, tanto intensiva como extensiva, concéntrase nalgunhas parroquias, non habendo ningunha explotación dominante, sendo case todas de tipo familiar. A isto hai que unir unha produción agrícola moi variada (millo, patacas, árbores frutais, vides...) dedicada o autoconsumo, fundamentalmente.

A maior parte do alumnado da ESO ten dereito a transporte escolar e servizo de comedor os luns a mediodía (día con clases a tarde). Podemos dicir que a renda familiar no centro é media ou media baixa, xa que a maior parte do alumnado ten axudas de libros e material escolar e non ten que aboar gastos polo servizo de comedor.

O alumnado presenta un perfil bastante uniforme dende unha perspectiva sociocultural e lingüística. Case todo o alumnado procede de familias que adoitan ter o galego como lingua familiar, agás o alumnado inmigrante que na maior parte, procede de países de América do Sur.

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.

Dentro do proxecto educativo de centro xa está incluído o desenvolvemento no centro das TIC no apartado 5 Liña metodolóxica.

"Metodoloxía activa, que fomente no alumnado unha actitude curiosa, crítica, investigadora e que, mediante a comunicación e o traballo, se converta na base da súa formación e da adquisición da aprendizaxe. Dita metodoloxía incluírá diversos medios TIC usados de xeito crítico e responsable."

A partir da redacción e implementación do Plan dixital de centro o Proxecto Educativo completárase cunha estratexia dixital que, formando parte do Plan de Mellora, fomente e

desenvolva as distintas competencias dixitais do profesorado e do alumnado, tendo como obxectivos a longo prazo:

1.-Coñecer e manexar programas e ferramentas TIC, chegando a crear recursos abertos, usando metodoloxías TIC innovadoras.

2.-Lograr un comportamento ético e responsable no uso das TIC favorecendo a convivencia, evitando as situacións discriminatorias ou de desigualdade e entendendo vantaxes e riscos.

3.-Respectar os dereitos de autor e usar as distintas licenzas de xeito adecuado para acadar unha confianza dixital.

Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa

En relación coas tecnoloxías da información e comunicación o noso centro ten participado en distintos cursos organizados dende o Centro de Formación e Recursos de Ourense tanto a título individual como en grupo.

Dentro dos PFPP de centro dos últimos anos tivemos a seguinte formación TIC:

- Curso 2018-2019. Seminario PFPP O1831066. Encerado dixital interactivo e aplicacións de xestión diaria da aula: Additio, iDoceo.
- Curso 2019-2020. Xornadas. Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes.
- Curso 2020-2021. Curso de creación de contidos dixitais para a aula virtual.
- Curso 2020-2021. Xornadas. Ferramentas para a colaboración e interacción na aula virtual.
- Curso 2020-2021. Curso de enriquecemento audiovisual para a aula virtual.
- Curso 2020-2021. Xornadas. Ferramentas de avaliación na aula virtual.
- Curso 2020-2021. Xornadas. Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto.
- Curso 2021-2022 Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.

Programas de innovación nos que participa este curso :

- Plan Proxecta.
- Contrato Programa: "Programa de éxito educativo" _ Plan recupera _T: ARCO e PROA.
- Proxecto Abalar.
- Proxectos de Fomento de uso da lingua galega.

- Proxecto Erasmus + k229 "Say bye to bully, say hit o buddy".
- Bibliotecas escolares (voluntariado), clube de lectura, tempo de ler e tertulias literarias.
- Mediación escolar.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O Plan Xeral Anual terá como un dos seus obxectivos apoiar e desenvolver o Plan Dixital de centro na súa concreción " Plan de acción 22-23" convocando as reunións que sexan precisas, solicitando o material e os apoios necesarios a nivel institucional e/ou tramitando a petición de novos plans de formación do profesorado progresivos para o afondamento da competencia TIC do profesorado en cinco ámbitos:

1. Informatización.
2. Comunicación.
3. Creación de contidos dixitais.
4. Resolución de problemas.
5. Seguridade.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos deben ser motores para lograr o cambio dixital que a sociedade precisa para encarar con seguridade e éxito o futuro próximo e polo tanto deben dar resposta ás necesidades e demandas que de forma escalonada vai presentando a comunidade educativa. Este desenvolvemento dixital escalonado permitirá que adquiran as competencias necesarias para desenvolverse nun mundo cada vez máis dixitalizado a nivel educativo e profesional. O uso da tecnoloxía que se da na organización escolar está relacionada con cuestións organizativas e o propio proceso de ensinanza e aprendizaxe. A educación é un recurso que debe asegurar a igualdade en tódolos eidos e ten a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacarlle o maior proveito as tecnoloxías da información e comunicación e aos recursos dixitais. A elaboración do plan actual vértase nas seguintes premisas:

- Avaliar a situación de partida do centro educativo nos distintos sectores tendo en conta o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg).

- Elaborar o Plan Dixital de Centro que forme parte do Proxecto Educativo de Centro e que sexa a guía da estratexia dixital anual.
- Transformar o centro educativo nunha organización ao servizo dos seus membros que se adapta ao mundo dixital actual.

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital:

- [Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación](#)
- [Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022](#)
- [Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022](#)

1.4. Proceso de elaboración

O cronograma de elaboración é o seguinte:

- Inscripción no Plan Anual de Formación do Profesorado para o curso 2021/2022 coa liña de traballo prioritaria Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital. [setembro 2021].
 - Incorporación á Rede Galega de Educación Dixital - **Adix Ourense 3** [novembro 2021].
 - Análise do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg) nos 7 elementos:
 - Infraestrutura.
 - Liderado.
 - Ensinanza e aprendizaxe.
 - Desenvolvemento profesional.
 - Avaliación.
 - Contidos e currículo.
 - Redes de apoio e colaboración.
- Configuración e realización do SELFIE por parte do equipo directivo, profesorado e alumnado de ESO e Bacharelato. [decembro 2021].
- Realización do test da Competencia Dixital Docente - CDD [marzo 2022].

- Recopilación de datos do SELFIE e CDD, reflexión e DAFO [abril 2022].
- Deseño do Plan Dixital de Centro [xuño 2022].
- Aprobación polo Consello Escolar da Versión 1.0 [xuño 2022].
- Posta en práctica [setembro 2022]

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

EQUIPAMENTO	UBICACIÓN	CANTIDADE
ORDENADORES	Aulas de grupo	17
	Aulas de informática	25
	Aulas específicas	4
	Biblioteca	16
	Biblioteca xestión	1
	Departamentos	17
	Dependencias administrativas	8
	Equipos profesorado-Sala do profesorado	3
	Equipos alumnado en préstamo	13
	Abalar	5
	Edixgal	0
IMPRESORAS	Tinta B/N	7
	Tinta cor	4
	Láser B/N	0
	Scanner	3
FOTOCOPIADORAS	Reprografía	1
	Secretaría	1
VIDEOPROXECTORES	Aulas	17
	Outras dependencias	-
CÁMARAS DIXITAIS		1
VIDEOCÁMARAS		0
WEBCAM		0
PIZARRA DIXITAL		14

CONEXIÓNS	Biblioteca	Router TP-LINK	2
	Corredores Entrada	WIFI	3
	Corredores 1ª Planta	WIFI	4
	Corredores 2º Planta	WIFI	4
	Aula Convivencia	Entrada Cableado	1
	Desdoble 02	RAP 01	1
		Connection N&C	1
		Power Edge T310	1
	Xefatura de Estudos	RAP 11	1

O centro formou parte do proxecto " ESCOLAS CONECTADAS " no CURSO 2017-2018 e na actualidade ten os proxectos Fenda Dixital (catro router sen fios e tarxeta en préstamo) e Educa Dixital (25 equipos dos que 13 están en préstamo).

Para a xestión docente empréganse os servizos corporativos seguintes: páxina web do centro, aula virtual , espazoAbalar, aplicación PROENS e Abalarmóbil.

En canto á xestión e o mantemento dos equipos: AMTEGA ocúpase do cableado e o resto do equipamento é responsabilidade do centro educativo.

Engadimos enlaces aos protocolos relacionados coas TIC que o centro ten en vigor:

- Plan de contingencia xeral páx 18:

[Versión 0.2 Plan adaptación ao contexto Covid - Setembro 2021 para WEB.pdf](#)

- Plan de ensino virtual.Horarios espello curso 2021-2022:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesferrocouselo/system/files/horarioespello21-22.pdf>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Información SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	1,9	2,4
	Profesorado	2,8	2,7
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1,9	2,2
	Profesorado	2,6	2,5
	Alumnado	2,9	2,3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,9	3
	Profesorado	2,6	2,6
	Alumnado	2,9	2,7

D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3	3,2
	Profesorado	3,5	3,5
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6	3,8
	Profesorado	4,3	4,1
	Alumnado	3,8	3,7
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3	3,6
	Profesorado	3,3	3,4
	Alumnado	3	2,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8	3,1
	Profesorado	3	2,6
	Alumnado	2,6	2,4
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3	3,4
	Profesorado	3,4	3,1
	Alumnado	2,9	2,6

Datos extraídos do informe grupal do Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	22	24	91,7%
PROVISIONAL	9	9	100%
INTERINO	6	7	85,7%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82,7	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	85	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	10	25,6%
B1	18	46,2%
B2	9	23,1%
C1	2	5,1%
C2	0	0%
TOTAL	39	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. A política de protección de datos é suficiente.	1. Dispositivos obsoletos e insuficientes para o labor docente.
	PERSONAL DOCENTE	1. O profesorado debate sobre as vantaxes e desvantaxes de ensinanza é o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. 2. O profesorado ten acceso ao desenvolvemento profesional continuo relativo ás tecnoloxías dixitais. 3. O profesorado busca e crea recursos dixitais en liña adaptados ás necesidades do alumnado fomentando a creatividade e a inclusión do mesmo. 4. O profesorado emprega a tecnoloxía dixital para a comunicación relativa ao centro educativo. 5. O profesorado utiliza as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades dos alumnos.	1. Tempo insuficiente para que os docentes poidan explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital e para o intercambio de experiencias dentro da comunidade educativa. 2. Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. 3. Estratexias insuficientes para facilitar a participación do alumnado en procesos de avaliación entre iguais.
	PERSONAL NON DOCENTE	1. Os servizos dixitais educativos corporativos úsanse para a difusión de información e comunicación dentro da comunidade educativa.	
	ALUMNADO	1. O alumnado aprende a elaborar contidos dixitais e a comunicarse usando tecnoloxías dixitais.	1. Non se contempla que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos durante as sesións. 2. O alumnado non aprende a verificar a calidade da información que atopa na Internet e o seu comportamento non é seguro nin responsable. 3. O alumnado non aprende a codificar e resolver problemas técnicos que xorden ao utilizar as tecnoloxías dixitais.
	FAMILIAS	1. Empréganse os servizos dixitais educativos corporativos na comunicación entre a comunidade educativa.	
	OFERTA	1. Cursos de formación para o profesorado relacionados coas novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Cooperación entre a dirección e o profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital de centro e na exploración de novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. 2. Os servizos dixitais educativos corporativos úsanse para a difusión da información e comunicación dentro da comunidade educativa (web, aula virtual, vídeo conferencia, abalar Móbil, correo electrónico,...). 3. Os servizos dixitais educativos corporativos empréganse no ensino virtual.	1. Non existe unha estratexia dixital formal de centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<ol style="list-style-type: none"> 1. Achegas económicas insuficientes para a dotación dixital do centro (renovación de equipos antigos e adquisición de novo material dixital). 2. Asistencia técnica insuficiente e tempo de espera elevado para a resolución das incidencias. 3. Carecemos de espazos físicos axeitados e suficientes que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais polo crecente número de alumnos. Precisamos dotar ao centro de aulas de informática para cubrir as necesidades do mesmo. 4. Problemas de conectividade en todas as aulas. 5. Aínda non existe a certificación en competencias dixitais.
	LEXISLACIÓN		<ol style="list-style-type: none"> 1. Os cambios lexislativos.
	CONTORNA		<ol style="list-style-type: none"> 1. As condicións socioeconómicas das familias para a dixitalización axeitada do alumnado que xorde co aprendizaxe mixto.
	ANPA		<ol style="list-style-type: none"> 1. Participación en actividades extraescolares relacionadas co uso das tecnoloxías dixitais.
	OUTRAS ENTIDADES		<ol style="list-style-type: none"> 1. Ausencia de colaboración con outras entidades.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO, o plan de acción do centro establece tres áreas prioritarias:

- Área A-liderado. Fomentar a participación do profesorado para a elaboración, xestión e seguimento do Plan dixital de centro.
- Área C-infraestrutura e equipos. Mellorar a asistencia técnica do centro. Dado que o profesorado non ten tempo ou formación para reparar e manter os distintos equipos que se atopan obsoletos, infrautilizados ou desactualizados.
- Área E- pedagogía: apoio e recursos. Traballar colaborativamente para crear un banco de preguntas por materia na aula virtual para potenciar a realización de probas, cuestionarios, etc, mediante esta contorna virtual.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Unha vez revisado o inventario e tratando de responder as necesidades que a LOMLOE xenera, entendemos que como mínimo o centro precisa:

- Dotar a aula de tecnoloxía de 30 ordenadores portátiles de software libre LINUX.....,
- 20 robots Makeblock Mbot Ranger. (microcontrolador: T mega 2560)
- Para a xestión do labor docente de todo o claustro na sala do profesorado son necesarios 5 novos equipos

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": A Liderado						
OBXECTIVO 1 (1):	Fomentar a participación do profesorado (EPD) para a elaboración, xestión e seguimento do plan dixital de centro (SELFIE A1)				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de persoas implicadas no EPD					
Valor de partida (3)	Número de persoas implicadas no PFPP que elabora o plan dixital neste curso 2021-2022 (aproximadamente un 2%).					
Valor previsto e data (4)	Máis do 10% do claustro.			1º trimestre curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión do claustro para explicar a importancia do PDC.	Dirección	Xuño-setembro	Convocatoria de claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Asignación ao profesorado implicado no EPD dunha hora de redución semanal.	Dirección e Inspección	Xullo 2022	Visto bo da Inspección e dotación de persoal suficiente.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C infraestrutura e equipos							
OBXECTIVO 1 (1):	Mellorar a asistencia técnica do centro (SELFIE C5)					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección e coordinador/a TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Atopar unha empresa de mantemento informático e crear un protocolo de xestión de incidencias.						
Valor de partida (3)	0 empresas / non hai protocolo						
Valor previsto e data (4)	1 empresa / 1 protocolo de incidencias.						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Establecer as necesidades do centro a nivel informático para solucionar a falta de asistencia técnica.	Coordinador/a TIC	1º trimestre	Enquisa a todo o profesorado sobre as incidencias habituais do centro.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Analizar e buscar unha empresa na contorna que se axuste as necesidades do centro en materia dixital.	Grupo Plan Dixital	1º trimestre	Facer unha xuntanza do equipo de Plan Dixital.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Establecer un protocolo de comunicación das incidencias informáticas.	Grupo Plan Dixital	2º trimestre	Mediante a aula virtual do centro establecemos un protocolo de comunicación de incidencias.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": E Pedagogía apoio e recursos						
OBXECTIVO 1 (1):	Traballar colaborativamente para a crear un banco de preguntas por materia na Aula Virtual para potenciar a realización de probas, cuestionarios, etc, mediante esta contorna virtual (SELFIE E3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Departamentos do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de profesorado participante.					
Valor de partida (3)	Cero.					
Valor previsto e data (4)	O 20% do profesorado crea bancos de preguntas colaborativas.			Ao remate do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión do claustro para concienciar aos departamentos da necesidade e utilidade dun banco de preguntas común.	Dirección.	1º trimestre.	Convocatoria de claustro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación de recursos colaborativos.	Xefe/a de cada departamento.	3º trimestre	Internet, ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Publicación dos contidos colaborativos	Xefe/a de cada departamento.	Final de curso 2023	Internet, ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART" que sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

(2) INDICADORES: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro

(4) VALOR PREVISTO: Cantidad numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) DESCRICIÓN: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) RESPONSABLES: Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.

(7) DATA PREVISTA FIN : Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.

(8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

4. Avaliación do plan

Os diferentes obxectivos do plan de acción teñen uns indicadores específicos e concretos que axudan a determinar si está acadado ou non acadado e se é preciso facer modificacións nas diferentes accións para lograr a súa consecución.

Unha vez por trimestre o equipo dixital docente reunirse e valorará o estado dos indicadores asociados aos obxectivos e determinará se son necesarios cambios tomando as decisións que considere oportunas .

Feitas as análises trimestrais o equipo elaborará un informe (parte da memoria final de curso) que recollerá os resultados acadados ou non, os aspectos negativos e positivos alcanzados e posibles propostas de mellora de cara o plan dixital anual seguinte.

As propostas de mellora sempre partirán da análise dos resultados do seguimento do plan de acción descrito anteriormente e ademáis da probable realización anual do test SELFIE e o test CDD por parte da comunidade educativa nos distintos sectores, xa que a realidade dos centros irá mudando ano tras ano. Estas melloras serán plasmadas no novo Plan Dixital de Centro anual.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado en reunións de claustro e consello escolar durante o mes de xuño de 2022, seguirase o seguinte protocolo:

PROTOCOLO PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL			
Acción	Destinatarios	Canal	Responsable
Publicación do Plan Dixital unha vez aprobado	Toda a comunidade educativa	Páxina web do centro. http://www.edu.xunta.gal/centros/iesferrocouselo/	Equipo directivo
Difusión ao inicio do curso	Profesorado	Correo electrónico e claustro inicial do curso.	Equipo directivo
	Alumnado e familias	Espazo abalar	Titores